

1.8. Galícia

(Primer semestre de 2010)

Alba Nogueira López*

Equilibrio formal ou igualdade real? Regresividade na regulación lingüística do ensino e outras rebaixas.

1. Introducción

O primeiro semestre de 2010 mantén a tónica deconstructiva iniciada co cambio de goberno e pon fin ao longo proceso de anuncios de modificación da normativa de ensino coa publicación do Decreto, 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Case non se poden apuntar máis cambios nos seis meses que abarca a crónica, nos que a Xunta de Galicia abandonou o papel que lle encomenda o artigo 5 do Estatuto de Autonomía de potenciación do uso do galego e asumiu un rol de vixiante dun equilibrio formal de presenza das linguas oficiais, claramente afastado do obxectivo de normalización lingüística e igualdade real no uso.

2. Decreto, 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia foi finalmente publicado mantendo elementos significativos dos fallos de inconstitucionalidade e ilegalidade apuntada polos órganos consultivos aos que fora sometido o proxecto —significativamente os enunciados polo Consello Consultivo de Galicia—. ¹

O Decreto de plurilingüismo organiza o ensino obrigatorio partindo dunha aposta por «unha presenza equitativa das dúas linguas oficiais nun sistema educativo plurilingüe». A igualdade real entre as linguas é relegada a un segundo plano e agora o obxectivo é a presenza equitativa, con todas as dúbidas que suscita este termo. Non acaba concretando a repartición en terzos (caste-

* Alba Nogueira López, profesora titular de dereito administrativo. Universidade de Santiago de Compostela.

1. Vid. a crónica incluída no número 54 de la Revista Llingua i Dret. O Decreto foi publicado no DOG de 25 de maio. ([http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d1793398914b9154772c125772d00649758/\\$FILE/09700D002P006.PDF](http://www.xunta.es/dog/Dog2010.nsf/0e5fb445f3681a75c1257251004b10d1793398914b9154772c125772d00649758/$FILE/09700D002P006.PDF))

lán, galego, inglés) anunciado inicialmente, polas dificultades organizativas e ausencia de profesorado formado, pero sitúa isto como un obxectivo a medio prazo.

Indicando a liña de actuación que se vai a seguir o Decreto suprime o termo «normalización» —que ata o momento designaba, por exemplo, aos equipos de coordinación existentes nos centros— e substitúeo por «dinamización».²

O Decreto formúlase claramente como unha reacción á regulación contida no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, afirmando no seu preámbulo que este se orientou «cara á obtención dunha competencia apropiada en lingua galega no ensino obrigatorio, sen o establecemento dun número ou porcentaxe mínima de materias impartidas en lingua castelá, o cal podería chegar a cambiar o modelo de conxunción de linguas desenvolvido en Galicia desde o inicio da autonomía e aceptado por todos os galegos e galegas».

En educación infantil garántese a presenza do inglés pero simplemente establécese que se «procurará» o coñecemento da lingua oficial que non sexa a que de forma maioritaria os pais á idade de tres anos fixen como a «lingua materna» do conxunto do aula. Tendo en conta os datos sociolingüísticos máis recentes, que máis adiante se detallan, en contornos urbanos esta regulación pode supor a eliminación da presenza do galego nas aulas escolares.

En todas as etapas educativas, excepto educación infantil, indícase que debe establecerse unha «oferta equilibrada no mesmo porcentaxe» de materias en galego e castelán. Este equilibrio, difícil de alcanzar pola falta de coincidencia horaria das distintas materias, non toma en consideración ningún criterio relacionado coas competencias lingüísticas e asenta os prexuízos existentes ao vencellar as materias en galego aos ámbitos non experimentais (coñecemento do medio, historia...) mentres que se fixa o castelán como a lingua vehicular de matemáticas, tecnoloxías e física e química.³

2. Pouco despois da aprobación do Decreto, en xuño de 2010 os coordinadores provinciais de normalización presentaron a súa dimisión en bloque ao considerar que «acaba un ciclo en materia de fomento do galego», vid. *La Voz de Galicia* 18.6.2010.

3. O pretendido equilibrio e a desaparición do galego das materias de ciencias levou incluso a tirar todos os libros de texto con vixencia aínda para tres anos que se tiñan facilitado mediante o sistema de préstamo universal e a substituílos por novos libros en castelán —agora xa non de gratuidade para todos os estudantes senon tan só para aproximadamente o 25% cuberto polo novo programa de gratuidade—. Unha circular da Xunta aos centros educativos de 10 de xuño de 2010 indicaba: «a aplicación do dito Decreto de plurilingüismo fai necesario cambiar, con carácter xeral, os libros de Matemáticas de 3º e 4º de educación primaria e os de Matemática, Tecnoloxías e Física e química de educación secundaria obrigatoria e, singularmente, aqueles outros manuais que se deban de susti-

Catro son os aspectos máis conflictivos en canto á súa constitucionalidade e/ou legalidade:⁴

- A regresividade do modelo que contraría o mandato de progresividade de uso do galego no ensino do art.13.2 da Lei de Normalización Lingüística
- A inexistencia dunha oferta educativa en galego de acordo cos compromisos ratificados da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias
- A violación do dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna de acordo co art. 13.1 da Lei de Normalización Lingüística
- A posibilidade de os estudantes alterar a programación educativa utilizando «nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia» (art.12.3 Decreto) pondo en perigo o coñecemento do galego nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán (art.14.3 LNL).

Tamén se anuncia a vontade de retomar o proxecto de consulta para que a maioría dos pais/nais dun curso poidan impor a lingua vehicular das materias intentando, erroneamente, salvo das críticas de constitucionalidade formuladas polo Consello Consultivo de Galicia mediante unha futura lei autonómica.⁵

a) Un modelo contrario á progresividade no uso do galego no ensino

As políticas de normalización lingüística son políticas finalistas, no sentido de que deben ir orientadas a un obxectivo de uso en igualdade das dúas linguas

tuír para garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas. Nesas circunstancias non se pode manter o modelo de préstamo para os mesmos e por iso a Consellería continuará avanzando na implantación do modelo denominado de gratuidade solidaria e, en consecuencia, publicará a correspondente orde de axuda para a adquisición dos referidos libros de texto».

4. Un grupo de xuristas examinou desde esa perspectiva o Decreto vid. VILLARES NAVEIRA, L. (coord.), *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo*, Laiovento, 2010

5. Unha vez máis no período vacacional de Nadal, o goberno galego presentou a finais de decembro de 2010 un anteproxecto de Lei de convivencia e participación da comunidade educativa que introduce unha regulación das consultas sobre a programación educativa. Este anteproxecto pode consultarse en http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/anteproxecto_lei_de_convivencia.pdf. Esta regulación pretende introducirse a pesar de que a LOE (art.118) remite a la LODE (art.29) para a regulación da participación dos sectores afectados de acordo co artigo 27.5 da Constitución Española e que a LODE circunscribe a participación na programación educativa á que se realiza a través dos Consellos Escolares estatal e autonómicos. Ademais a LOE (art.6) é clara ao establecer que a fixación do currículo escolar (no que entra a lingua e a determinación da lingua vehicular) é competencia dos poderes públicos.

oficiais removendo os obstáculos que poidan existir para ese fin. As normas que regulan a lingua son, xa que logo, normas de resultado encamiñadas a conseguir ese obxectivo de xeito progresivo.

A progresividade que se predica das medidas de normalización lingüística fá dirixida, por unha banda, a permitir que as Administracións puidesen ir axustando os seus medios ás necesidades de normalización lingüística e, por outro, a que os deberes que xeran, puidesen ser establecidos de xeito gradual (permitindo, por exemplo, actividades de formación ou selección de persoal).

O que parece claro é que esta progresividade debe ir crescendo en intensidade coa única limitación no seu alcance de conseguir o obxectivo de normalización. En tanto non se produza unha situación de igualdade real das linguas, xustifícanse medidas de discriminación positiva para corrir a situación de desigualdade. É evidente que os estudos sociolingüísticos, os datos estatísticos e a avaliación do sistema educativo indican que o galego segue experimentando unha situación de desigualdade e que sofre un retroceso sostido na franxa de idade dos falantes máis novos.⁶

A STC 337/1994 estableceu esa «situación histórica de desigualdade», como fundamento da acción de normalización e do establecemento de medidas progresivas coa intensidade requirida para conseguir a igualdade. Unha progresividade e intensidade que non é cuestión de horarios senón de consecución do fin de igualdade real —e non puramente formal— e competencia plena en galego e castelán (SSTC 87/1983, FX 5º, 88/1983, FX 4º e 337/1994, FX 14º).

Sendo este o obxectivo da normalización no ensino, resulta evidente que un Decreto que establece límites regresivos ao uso do galego no ensino (menos da metade das materias, excluído o inglés e, no seu caso, outras materias impartidas en lingua estranxeira), sen conseguir o fin de normalización, viola o principio de progresividade fixado polo art.13.2 da LNL. A configuración

6. Segundo a *Enquisa de condicións de vida das familias* do Instituto Galego de Estatística (IGE) publicada en abril de 2010, entre 2003 e 2008 a suma dos que utilizan sempre o galego e os que o usan máis que o castelán baixou máis dun 8%, ata situarse no 56% da poboación. Os que fan o propio co castelán subiron desde o 38% ao 42% no mesmo período. O uso do galego entre os máis novos descende. En cinco anos a porcentaxe de nenos entre os 5 e os 14 anos que teñen o castelán como idioma habitual pasou do 60% ao 65%. Desde el punto de vista de distribución territorial, o galego segue perdendo terreo nas zonas urbanas. As persoas que usan maioritariamente este idioma en poboacións de máis de 50.000 habitantes pasou do 34% ao 32% entre 2003 e 2008. Santiago estaría á cabeza en galegofalantes (52%), seguida de Lugo e Ourense (47%). Ferrol e Vigo son as urbes máis castelani-zadas.

progresiva do coñecemento das linguas propias tería como límite a exclusión do castelán ou a consecución do obxectivo final da normalización lingüística entendida como igualdade real das dúas linguas (nesta liña deben entenderse as discutibles STS de 9 de decembro de 2010). Polo tanto, parece claro que o Decreto ao marcar un retroceso da porcentaxe de horas de galego claramente desconectado coa desigualdade na competencia lingüística real dos estudantes —que ata nalgúns cursos sitúa ao galego con menos horas docentes que o castelán— incumpre os mandatos da LNL.

b) Violación do principio de xerarquía normativa ao non dispor de liñas en galego de acordo coa Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias

Un modelo no que tan só algunhas materias se ofertan en galego era o que tiña Galicia antes do Decreto 124/2007. Este sistema de ensino do galego cara ao que volve o Decreto 79/2010, de 20 de maio, foi descartado polo Comité de Expertos do Consello de Europa no primeiro proceso de avaliación da Carta Europea de Linguas rexionais ou minoritarias.⁷ Ata se establecía como conclusión final que «o Comité de Expertos alenta ás autoridades competentes a establecer modelos educativos en galego para o ensino preescolar, primaria e secundaria, de conformidade cos compromisos específicos contraídos nestes ámbitos».

Resulta por ese motivo sorprendente que o Decreto 79/2010 pareza querer interpretar o cumprimento da CELRM como un obxectivo a longo prazo tal e como se desprende da lectura da Disposición adicional Quinta:

«Avaliación dos resultados:

Con periodicidade anual, logo de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas

para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias».

7. «Con independencia de la incertidumbre que predomina con respecto a la práctica que se sigue en la enseñanza preescolar y primaria, que consiste en utilizar la lengua predominante entre los alumnos, el Comité de Expertos considera que, según la información de que dispone, el modelo educativo actual no alcanza el nivel exigido por los compromisos específicos contraídos por España, que suponen que la enseñanza o una parte fundamental del programa escolar se impartan esencialmente en gallego, y no sólo unas pocas asignaturas. El sistema educativo establecido actualmente en Galicia corresponde a la obligación menos importante contenida en el párr. 1.a/b/c del artículo 8 (por lo tanto, las obligaciones contenidas en los párs. 1.a.ii, 1.b.ii y 1.c.ii del artículo 8)»

Os compromisos da Carta non son dispoñibles para a Xunta de Galicia nin en canto á súa interpretación, nin na súa periodificación. O Reino de España podía subscribir compromisos menos esixentes para o conxunto das linguas ás que se lle aplica ou para o galego, pero non o fixo. A «plena aplicación» da Carta da que fala no Decreto 79/2010, prodúcese pola súa ratificación e non pode ser violada por unha norma xerárquicamente inferior.

Parece claro que coa ratificación da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias esta incorpórase ao ordenamento interno. Pola posición que os tratados internacionais ocupan na xerarquía normativa o Decreto 79/2010, como norma de desenvolvemento da ordenación lingüística do sistema educativo, debe incorporar os compromisos adquiridos. A dicción da Carta é clara e precisa en canto ao nivel de compromiso establecido para o galego nas etapas de ensino obrigatorio e nalgunhas non-obrigatorias que se ten que traducir en sistemas de inmersión en galego. A inexistencia dunha oferta neste sentido constituiría un fallo de ilegalidade do Decreto por violación do principio de xerarquía normativa.

c) Violación do dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna

A Lei de Normalización Lingüística establece o dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna. As normas regulamentarias que desenvolvan a LNL deben fixar o concepto de primeiro ensino —seguindo os pasos, por exemplo, de Cataluña— e, tamén, como se garante ese dereito, que habería que harmonizar co principio de non-separación en aulas diferenciadas con carácter xeral.

O art. 5.3. do Decreto establece : «Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna». Non se garante con esta regulación o dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna senón tan só que esta se «terá en conta».

O modelo de determinación da lingua materna escollido pola Xunta de Galicia consistente nunha pregunta ás familias presenta varios problemas. Por unha banda impón a decisión maioritaria ao conxunto do aula, xa que logo viola o dereito a recibir o ensino na lingua materna da minoría. Por outro, esta consulta realízase tan só unha vez —aos tres anos— e ten vixencia para toda a educación infantil con independencia dos cambios na composición do alumnado que poidan producirse. Finalmente, e isto é o máis grave, faise á marxe da obriga-ción dos poderes públicos de garantir a progresiva adquisición de competencia lingüística nas dúas linguas oficiais e de consideracións sociolingüísticas.

A pregunta realizada xa neste primeiro semestre ás familias con fillos de 3 anos (cal é a súa lingua materna?) non permite coñecer a realidade sociolingüística. Ademais de non contemplar situacións máis complexas como as familias nas que as dúas linguas poidan estar presentes no contexto familiar, as familias inmigrantes e outras, o certo é que a fixación da lingua materna desde fai anos efectuábase cos datos dun cuestionario máis amplo cuberto polas familias no momento da primeira matrícula nos centros (con cuestións sobre a lingua nas distintas relacións familiares, noutros contextos sociais, etc.). A cuestión escollida ata impide aos pais e nais expresar a súa vontade (que pode ser a de adquisición da que non é a lingua familiar) xa que non se lles pregunta cal é a lingua que prefiren para a instrución dos seus fillos senón cal é a lingua materna.⁸

d) Deber de coñecemento das linguas oficiais, competencia lingüística e alteración polos estudantes da programación educativa

Un dos aspectos máis discutibles no plano xurídico, sen entrar no asentamento de prexuízos que consolida, é a regulación contida no art.12.3 en relación coa posibilidade de os estudantes empregar nas manifestacións orais e escritas a lingua que escollan:

«3. En todas as áreas, materias ou módulos, excepto nas sinaladas no parágrafo anterior e nas materias de lingua(s) estranxeira(s), o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia. Non obstante o anterior, procurarase que o alumnado utilice a lingua en que se imparte a área, materia ou módulo».

O uso dunha lingua polos estudantes forma parte da programación educativa en tanto que permite a adquisición da competencia lingüística requirida nas dúas linguas oficiais. A competencia non é puramente pasiva —escoitar ao mestre/a— senón que esixe a capacidade de falar e escribir correctamente de acordo cos obxectivos de cada etapa. Así o sinalou o Tribunal Constitucional (STC 337/1994, FJ10).

Esta evidencia de que a forma de aprender linguas é mediante o uso e non con modelos puramente pasivos é ademais unha esixencia da lexislación básica estatal en materia educativa. A Lei orgánica de Educación no seu artigo 2, fixa como un fin do sistema educativo estatal «a capacitación para a comunicación

8. Aoredor dun 40% das familias sinalaron como opción o galego pero o xogo de maiorías e minorías levou a que, en cálculos da Mesa pola Normalización lingüística, tan só un 10% das aulas estean usando o galego como lingua vehicular. (vid. <http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2011/01/10/00031294661155056608112.htm?idioma=galego>).

na lingua oficial e cooficial, se a houbese, e nunha ou máis linguas estranxeiras». Queda claro que constitúe un dos fins esenciais do sistema educativo a comunicación, non unicamente a comprensión, nas linguas oficiais. Nos diversos artigos dedicados a cada unha das etapas educativas insístease como un obxectivo da etapa a adquisición dunha competencia nas linguas oficias apropiada para o nivel educativo correspondente.

Todo iso acompañado por unha previsión (art.19.2 para a educación primaria e en termos semellantes o art.26.2 para educación secundaria ou o art.35.2 para o bacharelato) de que: «Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballaranse en todas as áreas». Existen, xa que logo, competencias transversais que deben ser traballadas en todas as áreas entre as que se sinala en posición destacada a expresión oral e escrita. Unha interpretación conxunta destes preceptos conectada cos fins xerais de competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais indican claramente que o currículo escolar ten un deber de resultado —a adquisición de competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais— que se desenvolve de xeito transversal e que ten, fundamentalmente, unha manifestación na expresión oral e escrita.

Se o deseño do currículo escolar se fixera no momento «cero» de introdución do ensino das linguas propias no sistema educativo, aínda cabería amparar a elección de lingua de uso na aula no descoñecemento dos efectos que isto podería ter na competencia lingüística dos estudantes (ignorando, por outra banda, todos os estudos científicos de didáctica das linguas existentes). Con todo, os resultados das sucesivas avaliacións do sistema educativo galego poñen de manifesto que a consecución dunha igualdade real das dúas linguas oficiais require un desequilibrio na súa asignación horaria e un uso activo e pasivo que permita corrixir a situación de desigualdade social que experimenta o galego.

Sendo a fixación do currículo competencia dos poder públicos e constituíndo a expresión oral e escrita nas dúas linguas oficiais, de acordo coa Lei orgánica de Educación, un fin do sistema educativo e unha competencia básica a adquirir por todos os estudantes, non é esta unha cuestión dispoñible que poida ser sometida a unha decisión dos estudantes subtraéndose da programación do sistema educativo (art.6 LOE).

Se os alumnos puidesen excepcionalmente competencias básicas do currículo educativo (exercicio físico para as mulleres; contidos do coñecemento científico ligados ao nacemento da vida; valores democráticos), alterando en

consecuencia os obxectivos a conseguir e o sistema de avaliación, abriríase o camiño a unha educación que ampararía a desigualdade e na que os poderes públicos abdicarían do seu deber de programación xeral do ensino.

O Decreto 79/2010, non pode en consecuencia pretender consagrar unha exención da competencia básica oral e escrita nas dúas linguas oficiais como certamente sucederá —tal e como revelan datos estatísticos oficiais e enquisas científicas— se pode excluírse totalmente o uso activo dunha das dúas linguas excepto na clase desa lingua como materia. Tal regulación violaría as previsións da LOE e da LNL.

d) A inconstitucionalidade do abandono pola Administración educativa das súas funcións de programación educativa e da imposición por grupos de pais de elementos curriculares a outras familias

En definitiva, o modelo do Decreto 79/2010 ofrece ademais de tachas de ilegalidade pola extralimitación do decreto do ámbito propio da potestade regulamentaria e contradición do principio de xerarquía normativa, problemas substanciais de constitucionalidade polas consecuencias que se derivan do abandono pola Administración educativa das súas funcións de programación educativa e de normalización lingüística. O camiño de consultas ás familias para votar e impor o criterio maioritario sobre a lingua en que se imparten as diversas materias —sen oferta de liñas ou modelos diferenciados—, é o seguinte paso que pretende dar o goberno galego mediante a súa regulación por unha lei que se anuncia próxima no tempo.

O dereito á educación como dereito fundamental regulado na Constitución española ten dous compoñentes unha delas incorpora un «contido primario de dereito de liberdade» e a outra «un mandato prestacional aos poderes públicos encamiñado a promover as condicións para que esa liberdade sexa real e efectiva (art. 9.2 C.E.)»(STC 337/1994) .

O Tribunal Constitucional entendeu nesta Sentenza que a garantía do dereito á educación atribuída aos poder públicos 2 mediante unha programación xeral do ensino, con participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes» non comprende un dereito de elección da lingua docente senón un deber de coñecemento efectivo das dúas linguas oficiais acompañado de medidas de apoio e integración para aqueles colectivos en posición máis indefensa (inmigrantes, primeiro ensino).

O desenvolvemento dun dereito de elección da lingua docente —como fixo o modelo de ensino vasco— ten que partir de dúas premisas a plena adquisición

da competencia nas dúas linguas e a posibilidade real de elección para os pais e nais entre os diversos modelos existentes. Como se encargou de recordar o Consello Consultivo de Galicia no seu Ditame ao proxecto de Decreto: «Someter a configuración dun dereito fundamental a votación, con abandono da función de programación xeral do ensino que compete aos poder públicos, infrinxe os devanditos preceptos constitucionais. É certo que no apartado 5 do artigo 27 CE alúdese á «participación efectiva de todos os sectores afectados»; no entanto, isto non ampara que a devandita función dependa exclusivamente da vontade vinculante das familias e vulnera o principio de competencia organizativa no ensino, en canto supón unha abdicación da devandita competencia á que aludo o citado precepto constitucional, e que, así mesmo, desenvólvese en distintos preceptos da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación».

Parece moi discutible, e sobre iso trataremos en crónicas de posteriores semestres, que unha lei autonómica poida facer abandono por parte dos poderes públicos da súa función de programación do sistema educativo.

3. O contraste na regulación de atención ao público na regulación sectorial de comercio e na xeneral de servizos

A transposición da Directiva de Servizos en Galicia realizouse fundamentalmente a través dunha lei ómnibus autonómica.⁹ A Lei 1/2010, de 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG de 23 de febreiro) inclúe unha disposición adicional con contido lingüístico:

Sexta. Fomento do uso da lingua galega na actividade dos prestadores de servizos.

1. Os prestadores de servizos que operen en territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia do lugar de establecemento orixinario, deberán respectar o marco legal vixente en materia lingüística, especialmente a partir da Lei 3/1985, de 15 de xuño, de normalización lingüística, con arranxo ao disposto no apartado 4

do artigo 1 da Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

2. A estes efectos, favorecerán a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e deberán ofrecer aos seus destinatarios a posibilidade de manter a comunicación oral e escrita en lingua galega.

9. Unha análise deste proceso desde a perspectiva lingüística en NOGUEIRA LÓPEZ, A., «Simplificación administrativa y régimen de control previo administrativo de actividades de prestación de servicios», *Revista Llingua i Dret*, nº 52/2009, p.205-226.

Establécese, xa que logo, o sometemento á normativa lingüística autonómica dos prestadores de servizos con independencia da súa nacionalidade nun contexto de libre circulación europea e, ademais, obrígase a que estes atendan aos seus clientes nas comunicacións oral e escrita en galego («deberán ofrecer»). Esíxese, entón, que o prestador francés que ten un establecemento aberto en Galicia ou que circunstancialmente presta os seus servizos en Galicia ofrezca a posibilidade de que estes servizos e as comunicacións con eles relacionada se realicen en galego. Tamén os prestadores galegos, sometidos a esta normativa, terán que garantir o dereito de opción lingüística dos usuarios. Recordemos que a prestación de servizos enténdese como unha actividade que se presta a cambio dunha remuneración e, xa que logo, que comprende as actividades comerciais.

Este precepto contrasta poderosamente co artigo art.5.4 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (DOG de 29 de decembro) que, curiosamente, remata o proceso de transposición da Directiva 2006/123/CE en Galicia procedendo, ademais, a un redeseño global do réxime xurídico do comercio. Ese artigo recolle unha previsión xenérica de respecto dos dereitos lingüísticos dos compradores pero sitúa na órbita pública —non nos establecementos comerciais— a garantía do uso normal das dúas linguas oficiais:

Art.5.4. O exercicio da actividade comercial levará cabo con rigoroso respecto aos dereitos lingüísticos recollidos no artigo 5º do Estatuto de autonomía para Galicia.

Ninguén poderá ser discriminado ou atendido incorrectamente en razón á lingua empregada. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal dos dous idiomas.

Este artigo supón, tamén, unha rectificación da liña que marcaba o proxecto de lei de comercio da anterior lexislatura que decaeu no Parlamento pola celebración das eleccións de 2009 que incluía obrigacións de rotulación en galego destes establecementos e establecía: «O exercicio da actividade comercial levarase a cabo con rigoroso respecto aos dereitos lingüísticos recollidos no artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia das persoas compradoras» .

Entendemos que, aínda que a Lei de Comercio interior de Galicia sexa menos ambiciosa e non pretendese impor obrigacións de atención nas dúas linguas aos comerciantes, ambas as leis non son contraditorias entre si. Todos os prestadores (os comercios son prestadores a estes efectos) están obrigados a atender en ambas as linguas aos seus clientes e, concretamente, no ámbito do comercio os poderes públicos deben garantir o uso normal das dúas linguas polo que parece que deberán adoptar medidas para que se cumpra o establecido na Lei 1/2010.

4. Meticuloso seguimento das decisións locais de selección de persoal para que non se inclúan probas só en galego

A modificación inmediata logo das eleccións de 2009 da Lei de Función pública de Galicia para eliminar as probas obrigatorias en galego a quen acredítase coñecemento desta lingua a través de certificados foi seguida por un escurpulooso seguimento das convocatorias municipais de selección de persoal. A Consellería de Presidencia mediante circulares enviadas aos concello ameazou con impugnar as oposicións municipais en galego.

A Dirección Xeral da Administración Local enviou xusto logo de aprobar a norma circulares aos concellos recordando parágrafos da lei e ameazando con impugnar os procesos selectivos que a incumpran. Estas circulares, ademais, omitían un parágrafo do novo artigo 35 que permite realizar probas só en galego «para aquelas prazas que requiran un especial coñecemento da lingua».

5. Fomento para o plurilingüismo na educación, supresión das axudas aos centros con liñas de inmersión en galego

A existencia de contornas urbanas moi castelanizadas levara ao goberno PSOE-BNG a promover un proxecto piloto de liñas de inmersión en galego naqueles centros en que existise máis dunha liña de ensino —garantíase que polo menos un aula de cada nivel seguía o sistema xeral de polo menos un 50% da docencia en galego— e os pais solicitaran maioritariamente o programa de inmersión. Este proxecto funcionaba en 23 centros públicos e 19 concertados de forma experimental recibindo un apoio específico da Administración. En xuño de 2010 a Consellería de Educación enviou unha circular aos centros indicando que esta modalidade incumpre o novo Decreto de Plurilingüismo polo que prohibía ofertala nas aulas de tres anos para o seguinte curso. Esta decisión foi acollida con fortes críticas dos pais, os equipos de normalización —agora dinamización— e os sindicatos.

Paralelamente no tempo a Consellería publicou a *Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se regulan, con carácter experimental, os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2010/2011* (DOG de 6 de xullo), na que se promove un novo programa piloto de centros trilingües. Estes centros que terán acceso preferente ao financiamento da Consellería (art.5) son aqueles que concorran a unha convocatoria pola que se seleccionarán a aqueles que se comprometan a impartir «nunha lingua estranxeira áreas ou materias non lingüísticas, de educación primaria e/ou secundaria obrigatoria, cunha carga horaria

total impartida en lingua estranxeira de ata ou máximo dun terzo do horario lectivo do grupo, conforme ou que se establece non Decreto 79/2010, do 20 de maio, para ou plurilingüismo non ensino non universitario de Galicia».

Poténciase xa que logo o ensino en tres terzos (galego, castelán e inglés), en liña co obxectivo final previsto de aplicación do Decreto 79/2010, á vez que se liquidan as experiencias de inmersión en galego existentes nun reducido número de centros con plena satisfacción das familias e equipos docentes.

6. Continuismo na actividade de fomento limitada co argumento da crise económica

A crise económica tivo como efecto inmediato unha redución das convocatorias de axudas públicas. A redución foi notable nas políticas culturais e houbo atrasos ou supresión de convocatorias habituais de apoio ao galego (traducións, teatro, libro...). En todo caso as convocatorias existentes foron continuistas cos anos precedentes.

Poden citarse entre elas:

- Orde do 15 de marzo de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a fundacións, asociacións e institucións culturais, con ámbito de actuación supraprovincial e que desenvolvan as súas actividades en Galicia, para o seu funcionamento e para a realización de programas culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (DOG de 6 de abril).
- Resolución do 22 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega e se convocan para o ano 2010 (20 de abril de 2010).
- Resolución do 4 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia, que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2009-2010 (ED101C). (DOG 11 de xaneiro de 2010)
- Resolución do 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o desenvolvemento e produción de contidos interactivos en lingua galega e se convocan para o ano 2010 (8 de abril de 2010)
- Orde do 15 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras

das axudas para a concesión de subvencións á promoción, produción e edición do libro galego, no que se refire á materialización dos grandes proxectos editoriais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (DOG de 6 de abril de 2010)

- Orde do 22 de abril de 2010 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2010, e se procede á súa convocatoria (DOG de 5 de mayo de 2010)

Tamén se renovaron os cursos de lingua galega que ofrece a Xunta para residentes no exterior por Resolución conxunta do 4 de xuño de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncian, con carácter gratuíto, cursos preparatorios de lingua galega, para os niveis Celga e de extensión cultural, para galegos residentes no exterior e persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia (DOG de 10 de xuño de 2010).